

FIBROSE QUÍSTICA : UN EXEMPLO DE HERDANZA RECESIVA

A fibrose quística é unha enfermidade debida a un xene recesivo que provoca a produción dun mucus moi viscoso que se acumula nos pulmóns e no tubo dixestivo. Esta acumulación de mucus provoca infeccións e dificulta a respiración e a digestión.

a) Cal será o xenotipo que presenta un individuo normal non portador da enfermidade? b) cal é a probabilidade de ter un fillo con fibrose quística se un dos pais é portador e o outro normal? c) cal debería ser o xenotipo dos pais para que a súa descendencia fose nun 50% normal e nun 50% con fibrose quística?

ENFERMIDADE DE HUNTINGTON : UN EXEMPLO DE HERDANZA DOMINANTE

A enfermidade de Huntington , coñecida antigamente como "baile de San Vito", é unha enfermidade xenética debida a unha mutación nun xene dominante que ocasiona unha dexeneración progresiva do sistema nervioso. Acompáñase dun movemento esaxerado das extremidades

a) Na descendencia entre un pai normal e outro heterocigótico, cal será a probabilidade de ter fillos afectados se a enfermidade é dominante?
b) Cal é a probabilidade de ter un fillo con enfermidade de Huntington se ambos os dous pais son portadores.